



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, sendo lúns 13 de abril de 2020, en presenza do secretario de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: Actualización de medidas como consecuencia da prórroga do estado de alarma efectuada a través do Real Decreto 487/2020.

EXPTE.: 2020/G003/000050

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Vista a situación derivada da pandemia xerada pola propagación do COVID-19 no noso entorno e as medidas que as autoridades competentes veñen tomando dende o inicio da crise sanitaria.

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Visto o Real Decreto 476/2020, de 27 de marzo, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo referido Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

Visto o Bando de Alcaldía ditado o 13 de marzo de 2020 en relación coa situación de crise xerada pola propagación do COVID-19 e a declaración de estado de alarma.

Visto o decreto 34/2020 de establecemento de medidas e sinalamento de servizos esenciais como consecuencia do Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.

Visto que o periodo de vixencia do Real Decreto-lei 10/2020, rematou como consecuencia da prórroga do estado de alarma acordada a través do Real Decreto 487/2020, de 10 de abril, por el que se prorroga el estado de alarma declarado por el Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

Visto que a situación actual, no referente ás medidas de protección sanitaria e no ámbito laboral, se corresponde coa situación que deu orixe ó referido Bando de Alcaldía ditado o 13 de marzo de 2020.



Concello de Vilasantar

(Ru s/n 15807 Vilasantar- Galiza)

www.vilasantar.com

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Ley 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réximen xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro: Establecer novamente as medidas dispostas a través do Bando de Alcaldía ditado o 13 de marzo de 2020, mantendo o carácter esencial do personal sinalado a tal fin no decreto de Alcaldía 34/2020, así como as medidas de teletraballo.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario - Interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.